



...

Adiós, meu queridiño,
eu a ti quéroche ben-he,
sólo me falta saber-e
se ti me queres tamén-he.

“¿Ond´has d´ir á herba
que ch´hei d´ir erghuer?
Dareich´un abrazo,
Maruxeiriña,
do meu querer.”

“Un abraso non,
meu lindo rapas,
porqu´as consecuencias,
meu queridiño, veñen d´atras”

Heime de subir ó alto
que do alto vexo ben-he,
veso á casa de meu soghro
mira qué ventanas tén-he.

“¿Ond´has d´ir á herba
que ch´hei d´ir erghuer?
Dareich´un abrazo,
Maruxeiriña,
do meu querer.”
“Un abraso non,
meu lindo rapas,
porqu´as consecuencias,
meu queridiño, veñen d´atras”

/:O meu amor é bo moso:/
as malas lincuas do mundo
chámanlle croque raposo.

“¿Ond´has d´ir á herba
que ch´hei d´ir erghuer?
Dareich´un abrazo,
Maruxeiriña,
do meu querer.”



“Un abraso non,
meu lindo rapas,
porqu’as consecuencias,
meu queridiño, veñen d’atras”

Heime de casar este ano
anque sea cun ben pobre,
que tod’o mundo fai burla
da muller que non tén home.

E déixame sobir
ó carro da morena
e deixame sobir
que non lle fago nada,
morena por ti.

Esta nuit’hei de ir alá,
esta nuit’alá i-hei d’ir-e,
as nenas son cariñosas,
con elas hei de dormir-e.

“¿Ond’has d’ir á herba
que ch’hei d’ir erghuer?
Dareich’un abrazo,
Maruxeiriña,
do meu querer.”

“Un abraso non,
meu lindo rapas,
porqu’as consecuencias,
meu queridiño, veñen d’atras”